



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 541

VIII legislatura

19 de setembro de 2011

Fascículo 1

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Emendas ao articulado formuladas ao Proxecto de lei do turismo de Galicia (doc. núm. 65309, 08/PL-0030)

— 9 emendas do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 70160) [156845](#)

— 36 emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 70176) [156849](#)

— 64 emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 70175) [156863](#)

Rexeitamento das emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei do turismo de Galicia [156840](#)

3. Procedementos de control e impulso

3.5. Mocións

3.5.4. Mocións rexeitadas

- 08/MOC-0120(66661)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Vidal, Pablo Xabier

Sobre a remisión ao Parlamento de Galicia do expediente administrativo correspondente ao proceso de contratación da autovía da Costa da Morte. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 64522, publicada no BOPG núm. 467, do 10.05.2011, e debatida na sesión plenaria do 28.06.2011) [156840](#)

- 08/MOC-0121(66662)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pose Mesura, Modesto

Sobre a paralización da externalización e licitación do servizo loxístico integral do Sergas. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 65301, publicada no BOPG núm. 485, do 07.06.2011, e debatida na sesión plenaria do 28.06.2011) [156840](#)

- 08/MOC-0122(69026)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre as medidas que debe pór en marcha a Xunta de Galicia para reducir as listas de espera da sanidade galega e mellorar a información que a cidadanía está a recibir ao respecto. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 62083, publicada no BOPG núm. 437, do 24.03.2011, e debatida na sesión plenaria do 28.06.2011)

[156840](#)

- 08/MOC-0123(69243)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de política educativa. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 64649, publicada no BOPG núm. 467, do 10.05.2011, e debatida na sesión plenaria do 28.06.2011)

[156841](#)

3.6. Proposicións non de lei

3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

3.6.1.3. Proposicións aprobadas

- 08/PNP-0561 (33182)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santalices Vieira, Miguel Ángel, e tres deputados máis

Sobre a elaboración dun plan de ordenación dos recursos humanos para garantir a continuidade asistencial nos dispositivos do Servizo Galego de Saúde

[156841](#)

- 08/PNP-1208(65230)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Viéitez Alonso, Henrique

Sobre a necesidade de asegurar a carga de traballo nos estaleiros públicos de Navantia, na ría de Ferrol

[156841](#)

- 08/PNP-1246 (66944)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel

Sobre a actuación da Xunta de Galicia para a convocatoria e o desenvolvemento dunha xuntanza de coordinación coas comunidades autónomas para determinar o operativo loxístico de apoio á frota boniteira, e a súa posta en marcha ao inicio da campaña estival de pesca deste túnido

[156842](#)

3.6.1.4. Proposicións rexeitadas

- 08/PNP-1188 (64710)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Meijón Couselo, Guillermo, e tres deputados máis

Sobre o establecemento de procedementos que eviten a discriminación e aseguren a representación proporcional dos centros de ensino públicos na selección de centros correspondentes aos distintos programas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

[156842](#)

- 08/PNP-1220(66046)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz

Sobre a creación do número suficiente de prazas públicas nas escolas infantís para atender a demanda existente e a construción de ludotecas públicas co fin de posibilitar a conciliación da vida laboral, persoal e familiar, cun modelo de xestión pública

[156842](#)

- 08/PNP-1234(66546)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre a adopción de medidas que garantan a existencia e permanencia dos medios de comunicación escritos en lingua galega

[156842](#)

3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

3.6.2.3. Proposicións aprobadas

- 08/PNC-2005 (68985)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sueiro Pastoriza, Alberto, e dous deputados máis

Sobre a posta en marcha de medidas para continuar coa implantación dun sistema de recoñecemento da capacitación profesional que potencie e valore a formación non regrada, nomeadamente no caso da atención sociosanitaria a persoas maiores ou dependentes

[156843](#)

- 08/PNC-1890 (66940)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Álvarez Chao, María Emma, e sete deputados máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos danos que están a ocasionar os xabaris nas colleitas, nomeadamente de millo, nos concellos de Ribadeo, Trabada, Barreiros e Lourenzá

[156843](#)

3.6.2.4. Proposicións rexeitadas

- 08/PNC-1536 (58567)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz, e tres deputados máis

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para recuperar os equipos de inclusión social nas grandes cidades de Galicia [156844](#)

- 08/PNC-1825(65191)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz, e tres deputados máis

Sobre a formación, de xeito específico, ao persoal sanitario e aos médicos, así como aos equipos de valoración, para a detección e tratamento da fibromialxia , así como da síndrome de fatiga crónica

[156844](#)

- 08/PNC-1989(68814)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito, e Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre a adopción de medidas para o mantemento pleno do servizo de ambulancias no Concello de Marín

[156844](#)

- 08/PNC-1913 (67415)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Verdes Gil, Sonia, e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre a efectividade dos convenios entre as consellarías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e do Medio Rural coa Fegamp para a posta en marcha dos Grumir estableces que van contratar os concellos para o ano 2011

[156844](#)

Proposicións non de lei en Comisión retiradas

- 08/PNC-0243 (5981)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santalices Vieira, Miguel Ángel, e seis deputados máis

Sobre as medidas para impedir casos de intrusismo sanitario

[156844](#)

1. Procedementos de natureza normativa**1.2. Proxectos e proposicións de lei****1.2.1. Proxectos de lei****Emendas ao articulado formuladas ao Proxecto de lei de turismo de Galicia**

A Mesa da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na reunión do 16 de setembro de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Cualificación de emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de turismo de Galicia (doc. núm. 65309, 08/PL-0030)

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acordan a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado

- 9 emendas do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 70160).
- 36 emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 70176).
- 64 emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 70175).

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2011

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

Rexeitamento das emendas á totalidade formuladas ao

O Pleno do Parlamento, na reunión do 13 de setembro de 2011, adoptou o seguinte acordo:

Rexeitamento emendas totalidade:

- 08/PL-0030 (65309)

Presidencia da Xunta de Galicia
Proxecto de lei do turismo de Galicia
BOPG núm. 485, do 07.06.2011

Sométense a votación as emendas á totalidade de devolución e resultan rexeitadas por 37 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2011

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

3. Procedementos de control e impulso**3.5. Mocións****3.5.4. Mocións rexeitadas**

O Pleno do Parlamento, na reunión do 13 de setembro de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/MOC-0120(66661)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
López Vidal, Pablo Xabier

Sobre a remisión ao Parlamento de Galicia do expediente administrativo correspondente ao proceso de contratación da autovía da Costa da Morte. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 64522, publicada no BOPG núm. 467, do 10.05.2011, e debatida na sesión plenaria do 28.06.2011) BOPG núm. 505, do 06.07.2011

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 08/MOC-0121(66662)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pose Mesura, Modesto

Sobre a paralización da externalización e licitación do servizo loxístico integral do Sergas. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 65301, publicada no BOPG núm. 485, do 07.06.2011, e debatida na sesión plenaria do 28.06.2011)

BOPG núm. 505, do 06.07.2011

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 08/MOC-0122(69026)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre as medidas que debe pór en marcha a Xunta de Galicia para reducir as listas de espera da sanidade galega e mellorar a información que a cidadanía está a recibir ao respecto. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm.

62083, publicada no BOPG núm. 437, do 24.03.2011, e debatida na sesión plenaria do 28.06.2011)
BOPG núm. 534, do 08.09.2011

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 08/MOC-0123(69243)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de política educativa. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 64649, publicada no BOPG núm. 467, do 10.05.2011, e debatida na sesión plenaria do 28.06.2011)

BOPG núm. 534, do 08.09.2011

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2011

José Manuel Baltar Blanco

Vicepresidente 1.º

3.6. Proposicións non de lei

3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

3.6.1.3. Proposicións aprobadas

O Pleno do Parlamento, na súa sesión do día 13 de setembro de 2011, adoptou o seguinte acordo:

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 08/PNP-0561 (33182)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santalices Vieira, Miguel Ángel, e tres deputados máis

Sobre a elaboración dun plan de ordenación dos recursos humanos para garantir a continuidade asistencial nos dispositivos do Servizo Galego de Saúde

BOPG núm. 230, do 12.05.2010

Sométese a votación e resulta aprobada por unanimidade.

O texto aprobado é o seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1.- Elaborar un plan de ordenación de recursos humanos para garantir a continuidade asistencial dos dispositivos do Sergas.

2.- Que se establezan no mencionado plan, entre outras medidas:

a) A posta en marcha dunha lista de contratación temporal de persoal facultativo especialista, tendo en conta as peculiaridades de cada centro e as necesidades asistenciais.

b) En casos concretos, a oferta aos profesionais da posibilidade de ampliar a idade de xubilación, sempre que se manteña a capacidade funcional do profesional e non sexan posibles novas contratacións ou incorporacións”.

- 08/PNP-1208(65230)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Viéitez Alonso, Henrique

Sobre a necesidade de asegurar a carga de traballo nos estaleiros públicos de Navantia, na ría de Ferrol

BOPG núm. 485, do 07.06.2011

Sométese a votación e resulta aprobada por unanimidade.

O texto aprobado é o seguinte:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno do Estado para:

1.- Esixirlle á SEPI que elabore e impulse un plan de traballo para asegurar a carteira de traballo dos estaleiros públicos da ría de Ferrol. O dito plan terá entre os seus obxectivos garantir o mantemento dos postos de traballo directos e indirectos nos ditos estaleiros.

2.- Prever, como unha prioridade estratéxica na axenda exterior do Goberno para captar investimento na economía española, a consecución de contratos cos estaleiros da ría de Ferrol.

3.- Dar cumprimento ao compromiso adquirido polo Goberno do Estado de contratar a construción nos estaleiros de Navantia, da ría de Ferrol, da *VI Fragata F100* para a Mariña Española.

4.- Negociar, no ámbito da Unión Europea, a eliminación das limitacións que actualmente pesan sobre os estaleiros de Navantía para poder operar plenamente no campo da construción naval civil e, en particular, a limitación que pesa sobre o estaleiro de Fene para que poida construír buques.

5.- Promover no ámbito da Unión Europea medidas de carácter temporal que teñan en conta a especificidade do sector naval que contribúan a superar a crise que actualmente padece o sector.

6.- Esixirlle á Xunta de Galicia que colabore coa SEPI no cofinanciamento e desenvolvemento dun centro de reparacións de Navantía, na ría de Ferrol, de acordo co “Contrato con Ferrol”, exposto polo presidente Núñez Feijóo en 2009.

7.- Impulsar a construción dun dique flotante que permita que o centro de reparacións de Navantía, na ría de Ferrol, poida ofertar tamén a reparación e transformación de grandes buques, e que se lles encomende a súa construción aos propios estaleiros de Navantía, na ría de Ferrol.”

Aprobación con modificacións

- 08/PNP-1246 (66944)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel

Sobre a actuación da Xunta de Galicia para a convocatoria e o desenvolvemento dunha xuntanza de coordinación coas comunidades autónomas para determinar o operativo loxístico de apoio á frota boniteira, e a súa posta en marcha ao inicio da campaña estival de pesca deste túnido

BOPG núm. 513, do 28.07.2011

Sométese a votación e resulta aprobada por 63 votos a favor, ningún voto en contra e 12 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño de tal xeito que:

1.- Acorde convocar e desenvolver, con carácter previo ao inicio da costeira estival do bonito, a reunión de coordina-

ción coas comunidades autónomas para determinar o operativo loxístico de apoio a esta frota.

2.- O devandito operativo loxístico, en todo caso, deberá poñerse en marcha nunha soa fase e en coincidencia co inicio da campaña estival de pesca deste túnido”.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2011

José Manuel Baltar Blanco
Vicepresidente 1.º

3.6.1.4. Proposicións rexeitadas

O Pleno do Parlamento, na reunión do 13 de setembro de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/PNP-1188 (64710)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Meijón Couselo, Guillermo, e tres deputados máis

Sobre o establecemento de procedementos que eviten a discriminación e aseguren a representación proporcional dos centros de ensino públicos na selección de centros correspondentes aos distintos programas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

BOPG núm. 467, do 10.05.2011

Sométese a votación e resulta rexeitada por 37 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 08/PNP-1220(66046)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz

Sobre a creación do número suficiente de prazas públicas nas escolas infantís para atender a demanda existente e a construción de ludotecas públicas co fin de posibilitar a conciliación da vida laboral, persoal e familiar, cun modelo de xestión pública

BOPG núm. 494, do 21.06.2011

Sométese a votación e resulta rexeitada por 37 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 08/PNP-1234(66546)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre a adopción de medidas que garantan a existencia e permanencia dos medios de comunicación escritos en lingua galega

BOPG núm. 505, do 06.07.2011

Sométese a votación e resulta rexeitada por 37 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2011

José Manuel Baltar Blanco

Vicepresidente 1.º

3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

3.6.2.3. Proposicións aprobadas

A Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na reunión do 16 de setembro de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade sen modificacións:

- 08/PNC-2005 (68985)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sueiro Pastoriza, Alberto, e dous deputados máis

Sobre a posta en marcha de medidas para continuar coa implantación dun sistema de recoñecemento da capacitación profesional que potencie e valore a formación non regrada, nomeadamente no caso da atención sociosanitaria a persoas maiores ou dependentes

BOPG núm. 536, do 12.09.2011

O texto aprobado é o seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que antes de que remate o 2011 poña en marcha medidas para continuar implantando un sistema de recoñecemento da capacitación profesional que potencie e valore a formación non regrada, nomeadamente no caso da atención sociosanitaria a persoas maiores ou dependentes, para avanzar no cumprimento das obrigas da Lei de dependencia e mellorar a empregabilidade das persoas que poden acreditar experiencia nestas áreas.”

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2011

Ricardo Varela Sánchez

Vicepresidente 2.º

A Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na reunión do 15 de setembro de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións:

- 08/PNC-1890 (66940)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Álvarez Chao, María Emma, e sete deputados máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos danos que están a ocasionar os xabarís nas colleitas, nomeadamente de millo, nos concellos de Ribadeo, Trabada, Barreiros e Lourenzá

BOPG núm. 514, do 29.07.2011

O texto aprobado é o seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Declarar os concellos de Trabada, Barreiros, Ribadeo e Lourenzá como obxectivo Un dentro da clasificación en canto a danos ocasionados polo xabarán unha vez que estes sexan contrastados.

2.- Dirixirse ao Goberno do Estado para que valle correctamente a A8 entre os puntos quilométricos 506 e 513 ao seu paso polo concello de Ribadeo, así como as zonas de servidume, co fin de que estes animais non poidan entrar na autovía.

3.- Autorizar as accións de caza anuais que se consideren oportunas no Refuxio de Fauna de Trabada por ser considerado foco principal ou refuxio de xabarán.

4.- Permitir a revisión dos plans de caza anuais á metade da tempada en zonas obxectivo Un, co fin de ampliar as cotas en caso de ser necesario.

5.- Revisar as ordes de axudas aos tecores co fin de mellorar as condicións dos hábitats das especies de faunas cinexéticas primando as encamiñadas á prevención dos danos da poboación de xabarán.

6.- Promover a corresponsabilidade entre agricultores, gandeiros, cazadores e administración co fin de paliar os danos ocasionados pola fauna cinexética e, en particular, polo xabarán.

7.- Dirixirse á Administración do Estado para que negocie con Agroseguro que os danos ocasionados nos cultivos por xabaríns non lles sexan reclamados polas compañías de seguro aos tecores de Caza.”

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2011

Ricardo Varela Sánchez
Vicepresidente 2.º

3.6.2.4. Proposicións rexeitadas

A Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego, na reunión do 16 de setembro de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/PNC-1536 (58567)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sestayo Doce, Beatriz, e tres deputados máis
Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para recuperar os equipos de inclusión social nas grandes cidades de Galicia
BOPG núm. 406, do 09.02.2011

- 08/PNC-1825(65191)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sestayo Doce, Beatriz, e tres deputados máis
Sobre a formación, de xeito específico, ao persoal sanitario e aos médicos, así como aos equipos de valoración, para a detección e tratamento da fibromialxia, así como da síndrome de fatiga crónica
BOPG núm. 483, do 03.06.2011

- 08/PNC-1989(68814)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito, e Bouza Santiago, Ana Luisa
Sobre a adopción de medidas para o mantemento pleno do servizo de ambulancias no Concello de Marín
BOPG núm. 536, do 12.09.2011

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2011

Ricardo Varela Sánchez
Vicepresidente 2.º

A Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na reunión do 15 de setembro de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/PNC-1913 (67415)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Verdes Gil, Sonia, e Francisco Rivera, Juan Carlos
Sobre a efectividade dos convenios entre as consellarías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e do Medio Rural coa Fegamp para a posta en marcha dos Grumir estables que van contratar os concellos para o ano 2011
BOPG núm. 514, do 29.07.2011

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2011

Ricardo Varela Sánchez
Vicepresidente 2.º

Proposicións non de lei en Comisión retiradas

A Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego, na reunión do 16 de setembro de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Retirada iniciativa en Comisión:

- 08/PNC-0243 (5981)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Santalices Vieira, Miguel Ángel, e seis deputados máis
Sobre as medidas para impedir casos de intrusismo sanitario profesional
BOPG núm. 67, do 04.09.2009

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2011

Ricardo Varela Sánchez
Vicepresidente 2.º

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DO TURISMO DE GALICIA (NUM.
EXPE. 08/PL-0030).**

Emenda nº1, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 9

Débese modificar o apartado 1 do artigo 9, no seguinte senso:

Onde di:

"1. Co fin de complementar a actuación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no exterior en materia turística, que se leva..."

Debe dicir:

"1. Sen prexuízo das competencias da Administración Xeral do Estado, e co fin de complementar a actuación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no exterior en materia turística que se leva..."

Emenda nº2, de Substitución. Artigo 17

Débese substituir o texto do artigo 17, polo que segue a continuación:

"A usuaria ou usuario turístico ten dereito a non sufrir discriminación no acceso aos establecementos das empresas turísticas e na prestación de servizos turísticos por razóns de discapacidade, raza, nacionalidade, lugar de procedencia ou residencia, sexo, opción sexual, relixión, opinión ou calquera outra circunstancia persoal ou social, de acordo co que establece a Constitución e demais normativa específica sobre a materia."

Emenda nº3, ao apartado m), de Substitución. Artigo 35

Débese substituir o texto do apartado m), do artigo 35, polo que segue a continuación:

"m) Subscribir e manter vixentes os seguros de responsabilidade civil para os establecementos de aloxamento turístico e de restauración, así como as garantías esixidas pola normativa turística para as empresas de intermediación."

Emenda nº4, ao apartado o), de Adición. Artigo 35

Débase engadir un novo apartado o), no artigo 35, co seguinte texto:

"o) Dar resposta ás reclamacións e queixas interpostas polos usuarios ou usuarias turísticos no prazo máximo de un mes dende a súa recepción, dando traslado da resposta á Administración da Xunta de Galicia."

Emenda nº5, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 36

Débase substituír o texto do apartado 3, do artigo 36, polo que segue a continuación:

"3. As empresas de intermediación e as/os guías de turismo que exerzan unha actividade turística legalmente noutra Comunidade Autónoma ou noutro Estado membro da Unión Europea poderán desenvolvela en Galicia de acordo co disposto nesta Lei."

Emenda nº6, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 41

Débase substituír o texto do apartado 3, do artigo 41, polo que segue a continuación:

"3. Porén, os titulares dos establecementos regulados no artigo 80, así como as empresas de intermediación legalmente establecidas noutras Comunidades Autónomas ou Estados membros da Unión Europea que queiran exercer a actividade en Galicia, só deberán comunicalo á Consellería competente en materia de Turismo, para os efectos da súa inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma Galega."

Emenda nº7, de Substitución. Artigo 49

Débase substituir o texto do apartado 1, do artigo 49, polo que segue a continuación:

"1. As empresas turísticas que proxecten a apertura, construción ou modificación dun establecemento para uso turístico, antes de iniciar calquera tipo de actuación ou trámite ante o Concello correspondente, poderán solicitar do centro directivo da Consellería competente en materia de turismo un informe relativo ao cumprimento dos requisitos mínimos de infraestructura e servizos, que será emitido no prazo máximo de dous meses, con expresa inclusión do pronunciamento correspondente á clasificación que lle correspondería á empresa solicitante."

Emenda nº8, ao apartado 2.h), de Modificación. Artigo 94

Débase modificar o texto do subapartado h), do apartado 2, do artigo 94, no seguinte senso:

Onde di:

"Do Turismo Termal"

Debe dicir:

"Do Turismo Termal e Talasoterapia"

Emenda nº9, de Adición. Disposición adicional terceira

Débase engadir unha nova Disposición Adicional Cuarta, co seguinte texto:

"Disposición adicional cuarta: Axencia Turismo de Galicia.-
Mediante esta lei autorízase ao Consello da Xunta de Galicia para a creación da Axencia Turismo de Galicia, adscrita á consellería competente en materia de turismo, que terá como obxectivo básico impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da Comunidade e a conservación e promoción dos Camiños de Santiago."



Emenda nº10, ao apartado I, de Modificación. Exposición de motivos

Débase modificar o texto do paragrafo sétimo, do punto 1, da Exposición de motivos, no seguinte senso:

Onde di:

"...paisaxe, pero tamén patrimonio cultural, enogastronomía, tradicións e costumes; en definitiva, unha cultura propia, singular e amable. Estes..."

Debe dicir:

"...paisaxe, pero tamén patrimonio cultural, especialmente os Camiños de Santiago, enogastronomía, tradicións e costumes; en definitiva, unha cultura propia, singular e amable. Estes..."

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/09/2011 13:44:48

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DO TURISMO DE
GALICIA (NUM. EXPE. 08/PL-0030).**

Emenda nº1, ao apartado 1.d, de Modificación. Artigo 6

Débese modificar o apartado d) do punto 1 do Artigo 6, que quedará redactado co seguinte contido:

"d) A participación na formulación dos instrumentos de planificación turística."

Emenda nº2, de Modificación. Artigo 7

Débese modificar todo o Artigo 7, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 7. Consello de Turismo de Galicia.

1. O Consello do Turismo de Galicia é un órgano consultivo da consellaría competente en materia de turismo encargado de colaborar cos órganos executivos desta para garantir o cumprimento da normativa aplicable en materia de turismo, así como na ordenación, no fomento e no control da calidade dos establecementos e servizos do sector.

2.-O Consello informará preceptivamente nos procedementos:

- a) Declaración de Municipios turísticos.
- b) Declaración de Xeodestinos turísticos.
- c) Declaración de Territorios de preferente actuación turística.
- d) Perda da condición de municipio turístico.
- e) Elaboración do Plan de Organización Turística de Galicia.
- f) Elaboración do Plan de actuación Integral.
- g) Elaboración das medidas especiais para a promoción e o aproveitamento dos Recursos Turísticos.
- i) Relación da declaración de festas, feiras, rutas e acontecementos de interese.
- l) Proxectos de conservación e delimitación dos "Camiños" nas Rutas Xacobeas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- k) Elaboración das disposicións de carácter xeral que teñan como obxecto a Ordenación e Promoción do turismo de Galicia e que teñan sido sometidas ó Consello da Xunta de Galicia.

3.- O Consello do Turismo de Galicia tamén exercerá as seguintes funcións:

- a) Velar por que as clasificacións dos establecementos turísticos se adecúen á realidade económica e social e aos niveis de calidade esixibles. Para estes efectos o consello propoñeralle á consellaría competente a creación, modificación ou supresión de tipos de establecementos turísticos ou de modalidades ou grupos dentro dos xa existentes.
- b) Favorecer o desenvolvemento dunha oferta turística galega de calidade, mediante a elaboración da regulamentación de marcas turísticas de calidade.
- c) Propoñer cantas iniciativas considere pertinentes no ámbito das súas competencias.
- d) Exercer cantas funcións lle atribúa a Administración turística de Galicia.

3. O Consello do Turismo de Galicia estará integrado por unha presidenta ou presidente, que se elixirá de entre os seus membros, e un número máximo de 12 vocais que representarán as administracións públicas con competencias en materia turística, ás administracións locais, as asociacións máis representativas do sector turístico, as asociacións de consumidores e usuarios e as organizacións sindicais máis representativas na Comunidade Autónoma. As ou os vocais elixíranse por un período de catro anos, e poden ser reelixidos. As ou os vocais deberán estar vinculados aos sectores que representan,

4. O réxime de elección dos membros do consello, así como o funcionamento interno e as funcións correspondentes a cada un, serán obxecto de desenvolvemento regulamentario. Neste órgano a composición de xénero será equilibrada segundo o previsto na Lei 7/2004, para a igualdade de mulleres e homes na Comunidade Autónoma de Galicia e na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes."

Emenda nº3, ao apartado 3, de Adición. Artigo 22

Débase engadir un novo punto dentro do Artigo 22, que quedará redactado co seguinte contido:

"3 bis. O Plan de Turismo de Galicia terá o carácter dun plan sectorial, e debe explicitamente xustificar a súa adecuación ás directrices xerais de ordenación do territorio de Galicia."

Emenda nº4, ao apartado 3, de Adición. Artigo 22

Débase engadir un novo punto dentro do Artigo 22, que quedará redactado co seguinte contido:

"3 ter. As disposicións do Plan e do desenvolvemento deben estar de acordo cos plans territoriais establecidos pola lexislación sobre a política da comunidade autónoma de Galicia.

O Plan de organización turística de Galicia conterá alomenos:

- a) Estudio do turismo e os déficits detectados.
- b) Inventario dos recursos turísticos.
- c) As características básicas de todos os recursos do turismo.
- d) A análise da demanda e previsións sobre a evolución turística.
- e) Os criterios para avaliar o impacto do turismo:
 - 1.-Os recursos empregados por visita
 - 2.-Medidas para protexer os recursos turísticos.
- f) A lista de xeodestinos turísticos, Territorios de preferente actuación e concellos turísticos:
 - 1.-Avaliación do seu impacto sobre o turismo en xeral na C.A. De Galicia.
- g) A indicación das zonas susceptibles de a promoción turística e as zonas turísticas sobre - saturadas.
- h) A definición de medidas para mellorar a calidade e a competitividade do turismo.
- i) Proxecto da revitalización, conservación, promoción e delimitación dos "Camiños" da Ruta Xacobeá
- l) Calquera outros datos ou estudos que se consideran relevantes para a promoción do turismo ou para a protección dos recursos turísticos.Elaboración e aprobación."

Emenda nº5, ao apartado 3, de Adición. Artigo 22

Débase engadir un novo punto dentro do Artigo 22, que quedará redactado co seguinte contido:

"3 quater. A formulación e elaboración do Plan de Turismo de Galicia e as súas modificacións ou revisións son competencia do departamento responsable de turismo da Xunta de Galicia."

Emenda nº6, ao apartado 3, de Adición. Artigo 22

Débase engadir un novo punto dentro do Artigo 22, que quedará redactado co seguinte contido:

"3 quintus. A aprobación require a apertura dun período de consulta, por un mínimo de dous meses e un máximo de seis meses, e débense solicitar informes aos departamentos do Goberno de Galicia que sexan afectados, aos gobernos municipais, ás deputacións provinciais e a Administración Xeral do Estado.

a.- O departamento responsable do turismo promoverá a participación máxima das institucións e axentes, públicos e privados, na formulación e elaboración do Plan de Turismo. Debe proporcionar durante o proceso de preparación do Plan e logo de aprobación, o acceso de persoas interesadas nos estudos, datos e normas que contén. O exercicio deste dereito debe ser reforzada a través do uso das tecnoloxías da información e comunicación, e está suxeita á lexislación aplicable ao acceso do público á información administrativas e os medios técnicos da Administración.

b. O Plan de Turismo de Galicia estará suxeito á revisión, se as circunstancias o xustifiquen ou cando se modifiquen as directrices xerais de ordenación do territorio."

Emenda nº7, de Adición. Artigo 26

Débase engadir un novo Artigo (despois do Artigo 26), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 26 bis. Os camiños de Santiago.

1.- Cada un dos Camiños de Santiago recoñecidos oficialmente, e singularmente o Camiño Francés, constitúe un xeodestino turístico singular no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- Compostela, como meta e punto de encontro de todos os camiños e as singulares características que a definen, en tanto que Cidade Patrimonio da Humanidade, é territorio de preferente actuación turística, nos termos desta lei."

Emenda nº8, de Modificación. Artigo 27

Débase modificar todo o Artigo 27, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 27. Municipios turísticos.

1. Son municipios turísticos tanto os de especialización turística como os de especial relevancia turística

A Xunta de Galicia poderá declarar municipios de especialización turística, de acordo co procedemento que regulamentariamente se determine, a aqueles que cumpran os seguintes requisitos :

a) Que a media ponderada anual da poboación turística sexa superior ao 25% do número de veciños

Que o número de prazas de aloxamento turístico sexa superior ao 30% do número dos veciños

Que acrediten contar, dentro do seu territorio, con algún recurso ou servizo turístico susceptible de producir unha atracción turística que xere unha cantidade de visitantes cinco veces superior á súa poboación, computada ao longo dun ano e repartida, cando menos, en máis de trinta días.

2. A Xunta de Galicia poderá declarar municipios de especial relevancia turística de acordo co procedemento que regulamentariamente se determine, a aqueles que cumpran os seguintes requisitos :

a) Constitúan un destino turístico de especial relevancia pola afluencia de visitantes, en cómputo anual, superior en cinco veces á súa poboación.

Posúan recursos turísticos singulares, con recoñecemento internacional dos seus méritos.

Conten con alomenos o 5% das prazas hoteleiras da Comunidade Autónoma."

Emenda nº9, de Adición. Artigo 29

Débase engadir ao final do Artigo 29 un novo parágrafo, que quedará redactado co seguinte contido:

"Garantírase unha representación dos municipios de especialización turística e dos municipios de especial relevancia turística, así como das organizacións sectoriais do seu ámbito no Consello de Turismo de Galicia."

Emenda nº10, ao apartado 4, de Adición. Artigo 41

Débase engadir un novo punto dentro do Artigo 41, que quedará redactado co seguinte contido:

"4 bis. A empresaria ou empresario turístico que vaia iniciar ou exercer unha actividade turística suxeita a clasificación

administrativa presentaran no Concello competente, xunto coa solicitude de licencia de obra, a documentación establecida regulamentariamente, con declaración expresa sobre a clasificación do proxecto de acordo coa categoría ou modalidade do establecemento proxectado."

Emenda nº11, ao apartado 1, de Adición. Artigo 49

Débase engadir ao final do punto 1 do Artigo 49 o seguinte texto:

Engadir in fine:"A validez do informe será como máximo de un ano sempre que permaneza en vigor a normativa turística respecto da que se informa no momento da emisión do devandito informe."

Emenda nº12, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 51

Débase modificar o punto 1 do Artigo 51, que quedará redactado co seguinte contido:

"1. A inscrición no Rexistro practicarase de oficio previa presentación, pola persoa habilitada para elo, dunha declaración responsable manifestando o cumprimento da normativa vixente.

A inscrición no rexistro será obrigatoria para as empresas turísticas e para os seus establecementos, para as entidades turísticas non empresariais e para aquelas actividades turísticas que estean regulamentadas. Neste caso será precisa a obtención previa da correspondente autorización da Administración turística.

Potestativamente, poderán inscribirse por parte da consellería competente, no rexistro outras actividades que polos seus servizos, instalacións ou interese para o turismo se consideren relevantes para ser incluídas na oferta turística. En todo caso, a inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas será requisito imprescindible para poder acceder a axudas e subvencións en materia de turismo."

Emenda nº13, ao apartado 2, de Adición. Artigo 53

Débase engadir un novo punto dentro do Artigo 53, que quedará redactado co seguinte contido:

"2 bis. Non se considerarán empresas de aloxamento turístico aquelas que, tendo como obxecto aparente o sinalado no punto un, teñan como finalidade inducir, promover, favorecer ou facilitar a explotación ou a comercialización sexual, o que se acreditará polos medios de proba que procedan en dereito."

Emenda nº14, de Modificación. Artigo 54

Débase modificar todo o Artigo 54, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 54. Principio de unidade de explotación.

1. A explotación turística dos establecementos de aloxamento turístico, nas súas distintas modalidades, deberá efectuarse baixo o principio de unidade de explotación.

2. Para os efectos desta Lei, enténdese por unidade de explotación o sometemento a unha única empresa da actividade de explotación turística en cada un dos establecementos, conxunto unitario de construcións, edificios ou parte homoxénea destes, cuxas unidades de aloxamento haberán de estar destinadas na súa totalidade á actividade turística á que quedan vinculadas, procedendo a constancia rexistral desta vinculación nos casos e termos previstos na lexislación específica sobre a materia.

3. Para os efectos previstos no presente artigo, a explotación turística comprende o desenvolvemento de todas aquelas actividades de xestión, administración e dirección comercial propias da prestación do servizo de aloxamento turístico."

Emenda nº15, de Modificación. Artigo 56

Débase modificar todo o Artigo 56, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 56. Establecementos hoteleiros.

1. Terán a consideración de establecementos hoteleiros os establecementos turísticos situados nun ou en varios edificios próximos, ou en parte deles, que estean dedicados a darlle hospedaxe, con ánimo de lucro, ao público en xeral.

2. Dividiranse nos seguintes grupos:

- a) Hoteis.
- b) Hostais.

- c) Pensións.
 - d) Pousadas."
-

Emenda nº16, de Modificación. Artigo 62

Débase modificar todo o Artigo 62, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 62. Pensións.

1. Son Pensións aqueles establecementos que ofrezan aloxamento con ou sen comedor e outros servizos complementarios e teñan unha estrutura e unhas características que lles impidan acadar os requisitos e condición elixidas para os hoteis e para os hostais.
 2. As Pensións clasifícanse en categoría única."
-

Emenda nº17, de Adición. Artigo 62

Débase engadir un novo Artigo (despois do Artigo 62), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 62 bis. Hostais.

1. Son Hostais aqueles establecementos que ofrezan aloxamento con ou sen comedor e outros servizos complementarios e teñan unha estrutura e unhas características que lles impidan acadar os requisitos e condicións esixidas para os hoteis.
 2. Os hostais clasifícanse en tres categorías identificadas con estrelas conforme as condicións e requisitos técnicos que se establecerán regulamentariamente, segundo, entre outros criterios, os servizos ofertados, o confort, o equipamento de cuartos, as condicións das instalacións comúns, os servizos complementarios e o persoal de servizo.
- Os establecementos clasificados como Hostais ocuparán a totalidade dun edificio ou unha parte independizada del, de maneira que o conxunto de instalacións forman un todo homoxéneo con entradas, escaleiras e ascensores de uso exclusivo."
-

Emenda nº18, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 63

Débese suprimir o punto 2 do Artigo 63.

Emenda nº19, de Modificación. Artigo 64

Débese modificar o título do Artigo 64, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 64. Apartamentos e vivendas turísticas."

Emenda nº20, de Modificación. Artigo 64

Débese modificar todo o Artigo 64, que quedará redactado co seguinte contido:

1. Teñen a condición de apartamentos turísticos os bloques ou conxuntos de apartamentos, as casas, bungalows e aquelas outras edificacións semellantes, con independencia do material utilizado na súa construción, que oferten, profesional e habitualmente, mediante contraprestación económica, servizo de aloxamento turístico, e que dispoñan das instalacións axeitadas para a preparación, conservación e consumo de alimentos dentro de cada unidade de aloxamento.

2. Os apartamentos que están en edificios ou vivendas que se ofrecen, con servizos turísticos relacionados, en termos de dispoñibilidade inmediata e por prezo, ós usuarios que queren pasar un período de días, semanas ou meses para o turismo ou vacacións.

3. Tamén se incluírá dentro desta categoría a cesión por motivos de vacacións ou turísticos, mediante contraprestación económica, de unidades illadas de apartamentos, bungalows ou vivendas unifamiliares. En todo caso, o aloxamento comprenderá o piso completo ou a vivenda unifamiliar, non cuartos soltos; e prohíbese expresamente o aloxamento en vivendas particulares.

4. Os requisitos que sirvan de criterio para a clasificación de apartamentos e vivendas turísticas fixarase por vía regulamentaria."

Emenda nº21, de Supresión. Artigo 65

Débese suprimir todo o Artigo 65.

Emenda nº22, ao apartado 2, de Adición. Artigo 66

Débese engadir ao final do punto 2 do Artigo 66 o seguinte texto:

Engadir in fine: Así mesmo, poderán construírse elementos fixos, de planta baixa unicamente, que teñan por obxecto satisfacer necesidades colectivas das persoas acampadas, tales como a recepción, o supermercado, o restaurante ou bar, os bloques de servizos hixiénicos e as oficinas, e os dedicados exclusivamente ao persoal de servizo. Este tipo de construcións non poderá exceder da porcentaxe de superficie total do campamento que se fixe regulamentariamente."

Emenda nº23, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 67

Débese modificar o punto 1 do Artigo 67, que quedará redactado co seguinte contido:

"1. Son considerados establecementos de turismo rural aquelas edificacións situadas no medio rural que, polas súas especiais características de construción, localización e tipicidade, prestan servizos de aloxamento turístico mediante contraprestación económica. Estes establecementos poderán estar situados en solo de núcleo rural, en asentamentos tradicionais de menos de 500 habitantes cuxo solo estea clasificado como solo urbano ou en solo rústico. En calquera caso, será aplicable o previsto na normativa urbanística e nos instrumentos de planeamento urbanístico en vigor."

Emenda nº24, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 67

Débese modificar o punto 2 do Artigo 67, que quedará redactado co seguinte contido:

"2. Os establecementos de turismo rural clasifícanse nas seguintes modalidades:

- a) Hoteis rurais.
 - b) Casas grandes e pazos.
 - c) Casas rurais.
 - d) Aldeas de turismo rural.
 - e) Outros fixados regulamentariamente."
-

Emenda nº25, de Adición. Artigo 68

Débase engadir ao final do Artigo 68 un novo parágrafo, que quedará redactado co seguinte contido:

"Dentro de cada unha das modalidades indicadas poderán establecerse especialidades, atendendo a características como a localización en zonas determinadas, a tipoloxía arquitectónica, a antigüidade da edificación orixinaria, a obriga da persoa titular de residir na propia explotación agraria ou na comarca, ou o número máximo de habitantes dos núcleos de poboación, coa consideración do seu carácter rural, da actividade agroturística ou doutras análogas."

Emenda nº26, de Modificación. Artigo 69

Débase modificar o título do Artigo 69, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 69. Hoteis rurais."

Emenda nº27, de Modificación. Artigo 69

Débase modificar o Artigo 69, que quedará redactado co seguinte contido:

"1. Son hoteis rurais os establecementos hoteleiros que atopándose situados en edificios existentes ou de nova construción con valor arquitectónico tradicional, histórico ou cultural, situados no campo ou en núcleos rurais de poboación, nos que se facilite a prestación de aloxamento de forma habitual e mediante contraprestación económica.

2. Os hoteis rurais deberán cumprir os requisitos establecidos no Artigo 56 e que ademais reúnan as condicións fixadas no artigo 67 para ser considerados establecementos de turismo rural."

Emenda nº28, de Modificación. Artigo 70

Débese modificar o Artigo 70, que quedará redactado co seguinte contido:

"Son casas grandes e pazos os establecementos de turismo rural situados en pazos, castelos, mosteiros, casas grandes, casas rectorais ou inmobles tradicionais de singulares características ou valor arquitectónico."

Emenda nº29, de Modificación. Artigo 70

Débese modificar o título do Artigo 70, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 70. Casas grandes e pazos."

Emenda nº30, ao apartado b, de Modificación. Artigo 73

Débese modificar o apartado b) do Artigo 73, quedará redactado co seguinte contido:

"b) A prestación de aloxamento turístico nas casas grandes, pazos e casas rurais axustarase a algunhas das seguintes modalidades."

Emenda nº31, ao apartado a), de Supresión. Artigo 73

Débese suprimir o apartado a) do Artigo 73.

Emenda nº32, ao apartado c), de Adición. Artigo 77

Débese engadir un novo apartado dentro do Artigo 77, que quedará redactado co seguinte contido:

"c bis) Grupo IV: furanchos."

Emenda nº33, de Adición. Artigo 80

Débese engadir un novo Artigo (despois do Artigo 80), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 80 bis. Furanchos.

1. Enténdese por Furanchos aquelas bodegas nas que a actividade principal sexa subministrar mediante precio o viño excedente do consumo propio, procedente dos seus viñedos.

2. Regulamentariamente se establecerán ás condicións que deban cumprir tales establecementos e se fixarán as garantías para os produtos que ofrezan."

Emenda nº34, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 98

Débase modificar o punto 1 do Artigo 98, que quedará redactado co seguinte contido:

"1. O exercicio das actividades de inspección turística levarase a cabo polo persoal pertencente á escala de inspección turística, do corpo superior de administración da Xunta de Galicia, grupo A, escala de inspección turística. Para o ingreso nesta escala esixírase estar en posesión de calquera das titulacións habilitantes para o acceso ao grupo A."

Emenda nº35, de Modificación. Disposición adicional terceira

Débase modificar o seguinte contido:

Na primeira liña da Disposición adicional terceira onde di:"...poderán ser actualizadas..." debe dicir:"anualmente a través das Leis de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia."

Emenda nº36, de Modificación. Disposición derradeira primeira

Débase modificar o seguinte contido:

Na terceira liña da Disposición derradeira primeira onde di:"No prazo de dous anos desde a súa entrada en vigor..." debe dicir:"No prazo dun ano desde a súa entrada en vigor..."

Asinado dixitalmente por:



Abel Fermín Losada Álvarez na data 09/09/2011 17:15:24

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DO TURISMO DE
GALICIA (NUM. EXPE. 08/PL-0030).**

Emenda nº1, de Substitución. Proxecto de lei do turismo de Galicia

Emenda técnica a todo o texto: Empregaranse as letras do alfabeto galego que recolle a Real Academia Galega nas "Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego" como sistema de ordeación no articulado desta norma.

Emenda nº2, ao apartado 1.c), de Substitución. Artigo 3

Débese substituir o apartado c) polo seguinte:

"c) As entidades supramunicipais que foran creadas expresamente co fin da promoción ou xestión turística conxunta por concellos integrantes dunha área con afinidades en canto á explotación turística. En ningún caso, poderán estar participadas polas deputacións provinciais."

Emenda nº3, ao apartado d), de Supresión. Artigo 4

Débese suprimir no apartado d) a seguinte expresión:
" creación de xeodestinos"

Emenda nº4, ao apartado f) bis), de Adición. Artigo 4

Débese engadir un apartado f) bis.-, co seguinte texto:

"f) bis.- A creación dunha Comisión de arbitraje e conciliación para establecer protocolos de procedemento conciliador e de arbitraje en equidade, complementario coas actividades de inspección e previo ao procedemento de sanción."

Emenda nº5, ao apartado d), de Supresión. Artigo 5

Débase suprimir o apartado d)

Emenda nº6, ao apartado 1, de Adición. Artigo 6

Débase engadir, logo de "locais supramunicipais" o seguinte texto:

" ... que foran creadas expresamente co fin da promoción ou xestión turística conxunta por concellos integrantes dunha área con afinidades en canto á explotación turística"

Emenda nº7, ao apartado 1.a), de Substitución. Artigo 6

Débase substituir o texto do apartado a) polo seguinte:

"a) A promoción dos recursos turísticos e das áreas ou comarcas turísticas contidas no Plan de organización turística de Galiza segundo a definición do artigo 22. "

Emenda nº8, de Supresión. Artigo 7

Débase suprimir o artigo.

Emenda nº9, de Adición. Artigo 7

Débase engadir un novo artigo 7 bis co seguinte texto:

"Artigo 7bis. Consello Regulador do Turismo de Galiza
1. O Consello Regulador do Turismo de Galiza é un órgano consultivo do departamento competente en materia de turismo encargado de colaborar cos órganos executivos desta para garantir o cumprimento da normativa aplicable en materia de

turismo, así como na ordenación, no fomento e no control da calidade dos establecementos e servizos do sector.

2. En particular, correspóndelle:

a) Velar por que as clasificacións dos establecementos turísticos se adecuen á realidade económica e social e aos niveis de calidade esixíbeis. Para estes efectos o consello propoñeralle ao departamento competente a creación, modificación ou supresión de tipos de establecementos turísticos ou de modalidades ou grupos dentro dos xa existentes.

b) Favorecer o desenvolvementos dunha oferta turística galega de calidade, mediante a elaboración da regulamentación de marcas turísticas de calidade.

c) Emitir informe sobre as normas e plans que se elaboren en materia turística.

d) Propoñer cantas iniciativas considere pertinentes no ámbito das úas competencias.

e) Exercer cantas funcións lle atribúa a Administración turística galega.

3. O Consello Regulador do Turismo de Galiza estará integrado por unha presidenta ou presidente, que se elixirá de entre os seu membros, e un número máximo de 12 vogais que representarán as administracións públicas con competencias en materia turística e as asociacións máis representativas do sector turístico.

As ou os vogais elixíranse por un período de catro anos, e poden ser reelixidos. As ou os vogais deberán estar vinculados aos sectores que representan, ben directamente ou ben por ser cargos directivos de sociedades que se dediquen á actividades que representan.

4. O réxime de elección dos membros do consello, así como o funcionamento interno e as funcións correspondentes a cada un serán obxecto de desenvolvemento regulamentario. Procurarase neste organo a composición de xénero equilibrada segundo o previsto na Lei 7/2004, para a igualdade de mulleres e homes na Comunidade Autónoma de Galiza e na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.”

Emenda nº10, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 12

Débase modificar no punto 1 o seguinte texto:

Onde di: "dereito a recibir información compresible, veraz, obxectiva e completa sobre as..."
debe dicir: "dereito a recibir información compresible, veraz, obxectiva, como mínimo na lingua propia de Galiza, e completa sobre as..."

Emenda nº11, de Adición. Artigo 17

Débese engadir logo de : "razóns de discapacidade, raza,..." a seguinte verba:
"lingua".

Emenda nº12, de Adición. Artigo 21

Débese engadir logo de: "histórica" a seguinte verba:
"lingüística"

Emenda nº13, ao apartado 1, de Adición. Artigo 22

Débese engadir logo de "establecendo as áreas" a seguinte expresión:
"ou comarcas".

Emenda nº14, ao apartado 4, de Adición. Artigo 22

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"4. O Plan de organización turística de Galiza establecerá as áreas turísticas nas que se estrutura o territorio galego establecendo áreas territoriais ou comarcas turísticas consideradas como preferentes desde a perspectiva da actuación pública."

Emenda nº15, ao apartado 5, de Adición. Artigo 22

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"5. O departamento competente en materia de turismo poderá declarar unha area ou comarca como turística cando concurran as condicións necesarias, tanto a nivel de infraestructuras turísticas como de recursos turísticos."

Emenda nº16, ao apartado 6, de Adición. Artigo 22

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"6. Con carácter previo á definición e creación da denominación de area ou comarca turística o departamento competente en materia turística consultará a proposta cos concellos implicados."

Emenda nº17, ao apartado 7, de Adición. Artigo 22

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"7. As areas ou comarcas turísticas terán unha especial atención nas accións de promoción turística da Administración galega. Poderán ser utilizadas, logo da súa creación, tanto por entidades públicas como privadas, sempre dentro da marca turística global "Galiza" e sen que poidan empregarse como nome comercial, rótulo de establecementos ou vehículos e marcas de bens e servizos."

Emenda nº18, de Supresión. Artigo 23

Débese suprimir todo o artigo.

Emenda nº19, ao apartado 3, de Adición. Artigo 24

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

“3. Na designación de territorios de preferente actuación turística poderán incluírse agrupacións de áreas ou comarcas turísticas.”

Emenda nº20, ao apartado 4, de Adición. Artigo 25

Débase engadir un punto co seguinte texto:

“4. Regulamentariamente o goberno, co informe do Consello Regulador de Turismo e oído o Parlamento de Galiza, establecerá os criterios e requisitos para a obtención do recoñecemento de territorio de preferente actuación turística.”

Emenda nº21, ao apartado 2.d), de Substitución. Artigo 26

Débase substituír no apartado d) a seguinte expresión:

Onde di: "cultura de cada zona", debe dicir:
"cultura galega. Do mesmo xeito, serase especialmente respectuosos coas tradicións de cada zona.”

Emenda nº22, ao apartado b), de Substitución. Artigo 27

Débase substituír o texto do apartado b) polo seguinte:

“b) Que o número de prazas de aloxamento turístico supere o 15% da poboación municipal.”

Emenda nº23, ao apartado b), de Supresión. Artigo 29

Débase suprimir a seguinte expresión:

“e polas deputacións provinciais”.

Emenda nº24, de Adición. Artigo 32

Débese engadir un artigo co seguinte texto:

"Artigo 32 bis. Respeto ao medio ambiente

1. As actividades turísticas desenvolveranse coa suxeición á normativa de medio ambiente, con especial atención ás normas sobre os residuos sólidos, sanidade e salubridade da auga, pureza do aire e do solo, conservación dos espazos naturais protexidos, defensa da flora e a fauna, e contaminacións físicas, químicas, biolóxicas ou acústicas.

2. Nos termos da normativa xeral e sectorial de aplicación, os provedores serán responsabeis dos danos que produzan no aire, auga, solo, subsolo, fauna, flora ou calquera outro elemento do medio ambiente e da natureza, así como da alteración dos procesos ecolóxicos que poideran ter lugar, salvo que a responsabilidade sexa imputábel a actuacións persoais do usuario ou usuaria turística.

3. O departamento competente en materia de turismo poderá colaborar na adopción de medidas necesarias para profundizar na educación ambiental das persoas usuarias destes servizos, de maneira que sexa posíbel alcanzar o necesario equilibrio entre o disfrute dos recursos turísticos e a conservación e mellora do medio.

4. Os e as provedores poderán acollerse ás medidas que, para a implantación de sistemas de xestión ambiental, poida arbitrar o goberno galego."

Emenda nº25, de Adición. Artigo 32

Débese engadir un artigo co seguinte texto:

"Artigo 32 ter. Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas

1. Sen perxuízo do establecido na normativa específica vixente de accesibilidade en relación coas barreiras arquitectónicas e urbanísticas e lexislación concordante, os provedores deberán adoptar as medidas oportunas para garantir un turismo accesíbel e sen barreiras.

2. Nos termos que dispoñan as respectivas convocatorias de subvencións do goberno galego en materia turística, gozarán

sempre de prioridade u obterán maior subvención quen promovan a construción de establecementos accesibeis ou adecuen as súas instalacións para permitir o uso e disfrute a persoas con diversidade funcional ou mobilidade reducida. Asemade, serán obxecto de promoción preferente e diferenciada en cantas actuacións deste tipo realice o goberno galego.

3. Poderán ser beneficiarios/as das ventaxas a que se refire o apartado anterior os e as provedores de servizos que adecuen as súas actividades, ben con medios personais ou materiais, para que poidan ser utilizadas polas persoas con diversidade funcional.”

Emenda nº26, ao apartado 2, de Adición. Artigo 32

Débase engadir o seguinte punto:

“2. Marcas turísticas de calidade.

Correspóndelle ao Consello Regulador do Turismo a elaboración da proposta de regulamento, que deberá ser aprobado pola Xunta, no que se determinen os requisitos e o procedemento para a obtención das marcas turísticas de calidade. Asemade, correspóndelle ao Consello Regulador do Turismo a revisión periódica dos criterios para a obtención das ditas marcas.”

Emenda nº27, de Substitución. Artigo 38

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

”Artigo 38. Protección do patrimonio natural e cultural de Galiza.

1. As actividades turísticas respetarán, conservarán e promocionán a cultura e a lingua galega. Para tal fin poñerase en valor o rico patrimonio arqueolóxico, arquitectónico, histórico e inmaterial que ten a cultura galega. Asemade, promocionarase produtos e servizos de calidade con base nos costumes e tradicións galegas.

2. Atendendo á importancia que ten o turismo cultural, a administración galega incentivará os investimentos con

vocación turística en bens histórico-culturais como vía de rehabilitación e recuperación do patrimonio.”

Emenda nº28, de Adición. Artigo 39

Débese engadir un novo parágrafo co seguinte texto:

"A administración galega vixiará en especial o intrusismo profesional derivado do uso das novas tecnoloxías.”

Emenda nº29, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 44

Débese substituir no punto 3 a seguinte expresión:

Onde di: "do interesado" debe dicir:
"da persoa interesada"

Emenda nº30, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 48

Débese substituir no punto 1 a seguinte expresión:

Onde di: "do interesado" debe dicir:
"da persoa interesada"

Emenda nº31, ao apartado 2.a), de Supresión. Artigo 53

Débese suprimir o apartado a) do punto 2.

Emenda nº32, ao apartado 2.b), de Substitución. Artigo 56

Débese substituir o apartado b) polo seguinte texto:

"b) Grupo II: Residencias Turísticas"

Emenda nº33, de Adición. Artigo 61

Débese engadir un artigo co seguinte texto:

"Artigo 61 bis. Hoteis familiares: son os establecementos que ofertan unhas instalacións e servizos especialmente dirixidos a familias con nenos e nenas."

Emenda nº34, de Supresión. Artigo 62

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº35, de Adición. Artigo 62

Débese engadir un artigo co seguinte texto:

"Artigo 62 bis. Residencias turísticas
Terán a cualificación de residencias turísticas aqueles establecementos que ofrezan aloxamento con ou sen comedor e outros servizos complementarios e teñan unha estrutura e unhas características que lles impida acadar os requisitos e condicións esixidos para os hoteis. As residencias turísticas estarán sometidos aos requisitos técnicos mínimos que en función da súa categoría se fixen regulamentariamente."

Emenda nº36, de Supresión. Artigo 63

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº37, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 69

Débese suprimir no punto 1 a seguinte expresión:

"A capacidade aloxativa destes establecementos non superará as 40 prazas."

Emenda nº38, de Substitución. Artigo 70

Débase substituir o seguinte texto:

Onde di: "están suxeitas á normativa de patrimonio cultural de Galicia",
debe dicir: "están suxeitas á normativa de patrimonio cultural de Galicia e aos catálogos de edificios singulares a protexer polo planeamento urbanístico municipal".

Emenda nº39, ao apartado 3, de Adición. Artigo 74

Débase engadir un punto co seguinte texto:

"3. A todos os efectos, os albergues públicos terán consideración de albergue turístico."

Emenda nº40, ao apartado 2.i), de Adición. Artigo 94

Débase engadir logo de: "coa natureza, como" a seguinte verba:

"sendeirismo"

Emenda nº41, ao apartado 2.i), de Adición. Artigo 94

Débase engadir un novo apartado co seguinte texto:
"l) turismo ecolóxico"

Emenda nº42, de Substitución. Artigo 99

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"As funcións da inspección turística serán as previstas no regulamento que desenvolva a escala de inspección turística a que se refire o artigo 98.2 da presente Lei."

Emenda nº43, ao apartado 4.a) bis), de Adición. Artigo 100

Débase engadir un novo apartado co seguinte texto:

"a) bis: Consultar e examinar en profundidade a información e publicidade existente en internet, para verificar o seu grao de exactitude coa oferta existente".

Emenda nº44, de Substitución. Artigo 105

Débase substituir o contido dos puntos 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 polo seguinte punto:

"2. As actas de inspección elaboraranse de acordo co previsto na normativa xeral reguladora sobre o procedemento sancionador das Administracións Públicas, debendo respectar en todo caso as formalidades e garantías dos administrados."

Emenda nº45, ao apartado 10, de Supresión. Artigo 109

Débase suprimir o punto 10.

Emenda nº46, ao apartado a), de Adición. Artigo 114

Débase engadir ao remate do apartado a) o seguinte texto:

"En todo caso, o órgano sancionador, nos casos en que aprecie circunstancias relativas á irrelevancia do dano ou prexuízo causado, falta de intencionalidade ou antecedentes negativos de condutas sancionadoras, poderá rebaixar a sanción mínima prevista ou formular apercibimento".

Emenda nº47, ao apartado b), de Adición. Artigo 114

Débase engadir ao remate do apartado b) o seguinte texto:

"En todo caso, o órgano sancionador, nos casos en que aprecie circunstancias relativas á escasa importancia do dano

ou prexuízo causado, falta de intencionalidade ou antecedentes negativos de condutas sancionadoras, poderá rebaixar a sanción mínima prevista até a contía do grado medio da sanción leve”.

Emenda nº48, de Supresión. Artigo 120

Débese suprimir o inciso inicial:

“En todo o que non estea previsto nesta Lei e nas dúas disposicións de desenvolvemento,...”

Emenda nº49, de Supresión. Artigo 122

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº50, de Supresión. Artigo 123

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº51, de Supresión. Artigo 124

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº52, de Supresión. Artigo 125

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº53, de Adición. Artigo 126

Débese engadir un punto 3. co seguinte texto:

“3. Previa a posta en marcha dun procedemento sancionador a inspección elevará o expediente correspondente á Comisión de

arbitrase e conciliación que poderá abrir un procedemento de arbitrase.”

Emenda nº54, de Adición. Disposición adicional

Engádesse unha nova Disposicional adicional co seguinte contido:

"Disposición adicional. Fomento do uso da lingua galega na actividade dos e das prestadores de servizos turísticos.

1. Os e as prestadores de servizos que operen en territorio da Comunidade Autónoma de Galiza, con independencia do lugar de establecemento orixinario, deberán respectar o marco legal vixente en materia lingüística, especialmente a partir da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.

2. Para estes efectos favorecerán a normalización progresiva do uso do galego na prestación dos seus servizos e deberánlles ofrecer as e aos seus destinatarios e destinatarias a posibilidade de manteren a comunicación oral e escrita en lingua galega."

Emenda nº55, de Adición. Disposición adicional

Engádesse unha nova disposición adicional, co seguinte contido:

" Disposición adicional. Reorganización administrativa en materia de turismo.

1. No prazo de seis meses desde a entrada en vigor da presente Lei, a Xunta de Galiza elaborará un proxecto de Lei para a reorganización da administración turística e das entidades do sector público vinculadas á mesma, baixo os principios de eficacia e eficiencia administrativa, cos seguintes criterios:

a) A simplificación da estrutura administrativa e de entidades do sector público, de xeito que se aglutinen baixo unha única entidade as competencias, de planificación, ordenación, promoción, supervisión e control da actividade turística.

b) A adscrición á Universidade de Santiago de Compostela as ensinanzas en materia de hostalaría e turismo exercida polo Centro Superior de Hostalaría de Galiza, dependente de

TURGALICIA,SA, adaptando ao grao universitario as titulacións impartidas.

2. A nova estrutura organizativa deberá contar cos mecanismos, órganos consultivos e procedementos que permitan e incentiven unha participación activa de todos os segmentos do sector turístico e dos concellos na política turística da Xunta de Galiza.

3. A devandita reorganización non poderá supor un incremento do gasto público.”

Emenda nº56, de Adición. Disposición derradeira

Débase engadir unha nova disposición derradeira co seguinte texto:

“Disposición derradeira. Modificación da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galiza.

Engádese un novo parágrafo ao artigo 118 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galiza, co seguinte contido:

En todo caso, non se entenderán comprendidas dentro das competencias de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, a realización de funcións relacionadas coa planificación, ordenación, promoción e fomento do turismo, que serán exercidas en exclusiva pola Comunidade Autónoma, os concellos, ou as entidades asociativas supramunicipais que voluntariamente creen en dito ámbito competencial”.

Emenda nº57, ao apartado I.2, de Supresión. Exposición de motivos

Débase suprimir o seguinte texto no Parágrafo 2:

“Esta lei, que derroga a Lei 14/2008, do 3 de decembro, de turismo de Galicia, xustifícase pola necesidade de eliminar imprecisións conceptuais e de resolver disfuncións e lagoas na regulación dun sector clave da economía galega, ao tempo que pretende dar resposta ás demandas do sector e dos axentes sociais, recollidas no Plan de Acción do Turismo de Galicia, e establecer canles que permitan fortalecer a posición da

empresa turística galega nun contorno de gran competitividade."

Emenda nº58, ao apartado I.3, de Supresión. Exposición de motivos

Débase suprimir o seguinte texto no Parágrafo 3:

"O Plan de Acción de Turismo de Galicia é resultado dunha reflexión co sector privado e público do estado do turismo en Galicia; un documento que presenta as liñas básicas a desenvolver en materia turística para levar a cabo unha xestión integral do turismo que permita unha consolidación do sector e a súa maior proxección cara ao futuro. Unha das súas conclusións foi a necesidade de abordar a modificación da normativa turística actual para modernizar o marco legislativo e adecualo ás necesidades que presenta a oferta e as esixencias da demanda, coa finalidade de lograr un destino turístico atractivo, diferenciador e competitivo en servizos".

Emenda nº59, ao apartado I.6, de Substitución. Exposición de motivos

Débase substituir a seguinte expresión no Parágrafo 6
Onde di: "na economía rexional" por:: "economía galega".

Emenda nº60, ao apartado I.7, de Supresión. Exposición de motivos

Débase suprimir no Parágrafo 7 a seguinte expresión:
"singular e amable"

Emenda nº61, ao apartado I.7, de Adición. Exposición de motivos

Débase engadir no Parágrafo 7, logo de "patrimonio cultural", a seguinte verba:

"lingüístico"

Emenda nº62, ao apartado II.4, de Supresión. Exposición de motivos

Débase suprimir no Parágrafo 4 o seguinte texto:

"Este título regula o Consello do Turismo de Galicia como órgano de asesoramento en materia de turismo, en substitución do Consello Regulador do Turismo de Galicia establecido na Lei 14/2008, que non chegou a entrar en funcionamento, A nova regulación outórgalle un papel máis acorde coa figura de órgano de asesoramento e consulta e fixa unhas funcións consideradas básicas para o desenvolvemento turístico de Galicia. A composición do novo órgano, cun máximo de 25 vogais, permite unha maior participación tanto das administracións públicas con competencias na materia turística ou noutras estritamente vinculadas a esta, como das asociacións máis representativas do sector turístico, sindical e de protección ao consumidor e usuario."

Emenda nº63, ao apartado II.4, de Adición. Exposición de motivos

Débase engadir un novo Parágrafo 4 bis co seguinte texto:

"Este título regula o Consello Regulador do Turismo de Galiza, que se define como un órgano desconcentrado dependente da consellaría competente en materia de turismo, e que pretende converterse no órgano de participación do sector na toma de decisións en materia de turismo, xa que neste órgano estarán representadas as asociacións máis representativas das empresas e das profesionais e dos profesionais do sector turístico."

Emenda nº64, ao apartado II.7, de Supresión. Exposición de motivos



Débese suprimir no Parágrafo 7 a seguinte expresión:

"..., xeodestinos turísticos"

Asinado dixitalmente por:

**Maria do Carme Adán Villamarín na data 09/09/2011
14:03:42**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 09/09/2011
14:03:46**